

PROCEDIMENTO PARA A ADMINISTRACIÓN DE MEDICACIÓN A TRAVÉS DA VÍA NASAL

FEMORA

Procedimentos de enfermería: administración de medicación



**XUNTA
DE GALICIA**

DATA DE ELABORACIÓN: 2021

EDITA: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade. Servizo Galego de Saúde.

Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria

LUGAR: Santiago de Compostela

DESEÑO E MAQUETACIÓN: Servizo de Integración Asistencial

ANO: 2021

AUTORES:

- **Campos Chan Lidia.** Enfermeira. Supervisora de Procesos de Xestión. Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- **Esperón Güimil José Antonio.** Enfermeiro. Subdirector do Hospital Provincial e Montecelo. Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- **Argibay Cochón Carlos.** Enfermeiro. Subdirector do Hospital do Salnés. Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- **Bas Méndez Montserrat.** Enfermeira. Supervisora Xeral do Hospital Provincial de Pontevedra. Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- **Recamán Lagos José Manuel.** Enfermeiro. Centro de Saúde de Meaño. Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- **Rosendo Fernández José Manuel.** Enfermeiro. Supervisor de Procesos de Coidados de Enfermería. Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- **Sánchez Radío Silvia.** Enfermeira. Supervisora de Docencia e Formación Continuada. Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.

REVISORES:

- **Aneiros Castro Mónica María.** Enfermeira. Área Sanitaria de Ferrol.
- **Rumbo Prieto José María.** Enfermeiro. Área Sanitaria de Ferrol.
- **Lage Rial Francisco Javier.** Técnico Coidados Auxiliares de Enfermería. Área Sanitaria de Ferrol.
- **Pita Miño Pedro.** Enfermeiro. Área Sanitaria de Ferrol.
- **Begoña Fariñas Lorenzo.** Enfermeira. Área Sanitaria de Vigo.

PROCEDIMENTOS DE ENFERMERÍA

Procedemento para a administración de medicación a través da vía nasal

Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga na seguinte ligazón:

<https://www.sergas.es/A-nosa-organizacion/Publicaci%C3%B3n-da-Organizaci%C3%B3n>



Xunta de Galicia 2021. Procedimentos de enfermería

Esta obra distribúese cunha licenza Atribución–Non comercial–CompartirIgual 4.0 Internacional de Creative Commons (CC BY-NC-SA 4.0). Para ver una copia da licenza, visite:

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/deed.gl>

Este documento debe ser citado como:

Campos L., Esperón JA., Argibay C., Bas M., Recamán JM., Rosendo JM., Sánchez S. Procedemento para a administración de medicación a través da vía nasal. 2021

Santiago de Compostela 2021



Índice

XUSTIFICACIÓN.....	5
DEFINICIÓN.....	6
ABREVIATURAS.....	7
PALABRAS CLAVE.....	8
OBXECTIVOS.....	8
Obxectivo xeral.....	8
Obxectivos específicos.....	8
ÁMBITO DE APLICACIÓN.....	8
Diagnósticos de enfermería relacionados.....	8
Poboación diana.....	9
Profesionais aos que vai dirixido.....	9
Ámbito asistencial de aplicación.....	9
DESENVOLVEMENTO DO PROCEDIMENTO.....	9
Medios materiais.....	9
Procedemento.....	10
Observacións.....	12
Rexistros.....	13
Avaliación e seguimento.....	13
INDICADORES.....	13
RESPONSABILIDADES.....	14
BIBLIOGRAFÍA.....	14
ANEXO.....	17
ANEXO I: Instilación do medicamento.....	17

XUSTIFICACIÓN^{1,2}

A administración de medicamentos por vía intranasal baséase en que a mucosa nasal é rica en capilares sanguíneos e permite o paso do fármaco de forma fácil e rápida á circulación sistémica. A mucosa nasal, que está moi vascularizada, e o tecido olfactorio, que está en contacto directo co sistema central, permiten que a medicación administrada se transporte rapidamente ao cerebro e ao torrente circulatorio, con comezos de acción similares aos da terapia intravenosa. Tamén se evita o efecto de primeiro paso hepático, o que contribúe a unha maior biodispoñibilidade da medicación. Esta vía é de fácil acceso, barata e non require técnica estéril nin cruenta.

A absorción do medicamento pódese ver afectada pola presenza de moco ou de sangue que actúen de barreira ou por situacóns nas que varíe a perfusión da mucosa nasal (rinoplastias, neoplasias, malformacóns, patoloxías intranasais...), nas que o uso desta vía pode estar contraindicado.

A finalidade deste procedemento é elaborar un documento que sirva de guía para os profesionais sanitarios no que respecta á administración de fármacos por vía nasal, de modo que se reduza a variabilidade clínica, se incorporen as mellores prácticas na actividade asistencial e se garanta unha administración eficaz e segura.



DEFINICIONES

Biodispoñibilidade: é o grao e a velocidade coa que unha forma activa (o fármaco ou os seus metabolitos) accede á circulación e alcanza desta maneira o seu lugar de acción.³

Erro de medicación: fallo no proceso de tratamento que conduce, ou ten o potencial de conducir, a un dano no paciente.⁴

Evento adverso (EA): calquera lesión relacionada co tratamento médico, en contraste coas complicacións da enfermidade.⁵

Excipiente: substancia que, ás concentracións presentes nunha forma farmacéutica, carece de actividade farmacolóxica. Emprégase co fin de dotar a forma farmacéutica de características que aseguren a estabilidade, biodispoñibilidade, aceptabilidade e facilidade de administración dun ou máis principios activos. Os excipientes serven, ademais, para dar a forma ou consistencia adecuada a unha preparación.⁶

Forma galénica ou forma farmacéutica: disposición á que se adaptan os principios activos e os excipientes para constituir un medicamento. Defínese pola combinación da forma en que o produto farmacéutico é presentado polo fabricante e a forma en que é administrado (cápsulas, xaropes, supositorios, inyectables, pomadas, gotas, aerosois, xeles...).⁷

IANUS: Historia clínica electrónica do Servizo Galego de Saúde.

Instilar: administrar un líquidogota a gota.⁸

Medicamento de uso humano: toda substancia ou combinación de substancias que presente propiedades para o tratamiento ou a prevención de enfermedades en seres humanos ou que poida usarse ou administrarse en seres humanos, co fin de restaurar, corrixir ou modificar as súas funcións fisiolóxicas exercendo unha acción farmacolóxica, inmunolóxica ou metabólica, ou de establecer un diagnóstico médico.⁷

Medicamento xenérico: todo medicamento que teña a mesma composición cualitativa e cuantitativa en principios activos e a mesma forma farmacéutica, e cuxa

bioequivalencia co medicamento de referencia fose demostrada por estudos axeitados de biodispoñibilidade.⁷

Principio activo: toda substancia ou mestura de substancias destinadas á fabricación dun medicamento e que, ao seren utilizadas na súa producción, se converten nun compoñente activo do dito medicamento destinado a exercer unha acción farmacolóxica, inmunolóxica ou metabólica co fin de restaurar, corrixir ou modificar as funcións fisiolóxicas ou de establecer un diagnóstico.⁷

Reacción adversa medicamentosa (RAM): é a resposta a un fármaco que é nociva e non intencionada e que ten lugar cando este se administra en doses utilizadas normalmente en seres humanos para a profilaxe, diagnóstico ou tratamento dunha enfermidade, ou para a modificación dunha función fisiolóxica.⁹

Vía de administración: ruta de entrada ou medio polo que os medicamentos son introducidos no organismo. Esta influirá na súa latencia, na intensidade e na duración do efecto farmacolóxico.³

Vía nasal: vía de administración dun medicamento a través dos orificios nasais, para ser vaporizado ou para ser absorbido polas membranas nasais. Pode ter efecto local ou efecto sistémico. Unha vez absorbido, entra no torrente sanguíneo e actúa rápidamente.³



EA: evento adverso

EAM: evento adverso medicamentoso

GACELA: *Gestión Asistencial de Cuidados de Enfermería Línea Abierta*

NANDA: *North American Nursing Diagnosis Association*

RAM: reacción adversa medicamentosa

SiNASP: Sistema de Notificación e Aprendizaxe para a Seguridade do Paciente

Sergas: Servizo Galego de Saúde



PALABRAS CLAVE

Administración intranasal. Absorción nasal. Difusores nasais



OBXECTIVOS

Obxectivo xeral

- Unificar e coordinar as actuacións dos profesionais para a administración da medicación por vía nasal.

Obxectivos específicos

- Administrar con seguridade os fármacos a través do conduto nasal.
- Prever as posibles complicacións derivadas da administración de fármacos por vía nasal.



ÁMBITO DE APLICACIÓN

Diagnósticos de enfermería relacionados

Diagnósticos NANDA¹⁰

- 00031 Limpeza inefectiva das vías aéreas.
- 00078 Manexo inefectivo do réxime terapéutico.

- 00079 Incumprimento do tratamento.
- 00122 Trastorno da percepción sensorial: olfatoria.
- 00162 Disposición para mellorar o manexo do réxime terapéutico.

Poboación diana

Este procedemento é de aplicación a todos os usuarios do Servizo Galego de Saúde que precisen administración de medicación por vía nasal.

Profesionais aos que vai dirixido

Este procedemento é de aplicación aos profesionais pertencentes á rede sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

Ámbito asistencial de aplicación

Este procedemento é de aplicación na rede sanitaria do Servizo Galego de Saúde, en todos os casos nos que o paciente precise a administración de medicación a través da vía nasal.



DESENVOLVEMENTO DO PROCEDIMENTO

Medios materiais

- Medicación prescrita
- Contagotas, se é preciso
- Guantes non estériles
- Panos das mans, de papel.
- Batea.

Procedemento^{2,11-17}

1. Comprobe a identidade do paciente, segundo o procedemento de aplicación no Servizo Galego de Saúde.
2. Respecte a súa intimidade e garde a confidencialidade dos seus datos.
3. Informe o paciente e/ou o coidador principal do procedemento que se lle vai realizar e solicítelle a súa colaboración: se é posible, recalque a súa utilidade. Use unha linguaxe comprensible e resolva as súas dúbidas e temores. No caso de pacientes pediátricos, explíquelles o procedemento aos pais – titores.
4. Solicite o seu consentimento de forma verbal, sempre que sexa posible.
5. Identifique os profesionais sanitarios que van intervir no procedemento.
6. Segundo os cinco principios de administración da medicación, verifique: fármaco, dose, vía, hora e paciente correcto. Asegúrese de que non existe contraindicación ou alerxia ao fármaco.
7. Comprobe a data de caducidade do medicamento e a súa axeitada conservación, a data de apertura e a súa integridade.
8. Asegúrese de que ten todo o material necesario á man.
9. Realice a hixiene das mans.
10. Coloque os guantes.
11. Acomode a altura da cama para favorecer a ergonomía, se procede.
12. Facilitelle ao paciente un pano das mans de papel e indíquelle que se asoe, para limpar as fosas nasais.
13. Solicítelle que se sente, ou axúdeo se el non pode, de modo que deixe un espazo detrás da cabeza para que poida inclinala cara a atrás. No caso de non ser posible que o paciente estea sentado, tamén poderá estar en posición de Fowler ou de semi-Fowler, ou incluso deitado, coa cabeza inclinada cara a atrás, encima dunha almofada.

PARA A ADMINISTRACIÓN DE GOTAS

1. Co contagotas, extraia a cantidade de medicamento necesaria para poder instilala dunha soa vez no burato nasal do paciente (cantas menos veces se introduza o contagotas no frasco, máis diminúe o risco de contaminación).

2. Indíquelle ao paciente que incline lixeiramente a cabeza cara a atrás.
3. Abra completamente os orificios nasais do paciente. Para isto, utilice o dedo polgar da man e faga unha lixeira presión sobre a punta do nariz, mentres lle apoia o resto da man na fronte.
4. Introduza o contagotas aproximadamente 1 cm no burato nasal, procurando que este non toque as paredes nasais.
5. Dirixa a punta do contagotas cara ao tabique nasal, mantendo un ángulo de 180º respecto do nariz (Anexo 1). Deste modo, facilítase que o medicamento vaia cara á parte posterior do nariz e non cara á gorxa.
6. Aperte a pera do contagotas para instilar o número exacto de gotas prescrito.
7. Se o paciente tose, pídale que se incorpore. Comprobe durante uns minutos que non aparecen problemas respiratorios.
8. Indíquelle que manteña a cabeza inclinada durante 5 minutos cara ao lado no que se fixo a instilación e que respire pola boca, para evitar esbirros.
9. Repita o procedemento no outro orificio nasal, se está prescrito.
10. Infórmeo de que é normal que note o sabor das gotas na gorxa. Se este lle resulta moi desagradable, permítalle que expectore nun pano das mans de papel.
11. Limpe o contagotas.

PARA A ADMINISTRACIÓN DUN SPRAY NASAL

1. Tras expoñerlle ao paciente cal debe ser a posición na que se debe colocar e vostede preparar a vía de acceso, indíquelle que debe inspirar suavemente ao mesmo tempo que instilamos a medicación.
2. Pídale que manteña tapada a fosa nasal na que non se vai administrar a medicación.
3. Introduza a punta do aplicador na fosa nasal.
4. Proceda á instilación do producto sen soltar o mecanismo ata a retirada do aplicador, ao mesmo tempo que o paciente inicia unha inspiración profunda.
5. Indíquelle que manteña a cabeza botada para atrás uns minutos, ata que note o efecto do medicamento; a continuación, asoará o nariz para expulsar a mucosidade.

6. Repita o procedemento no outro orificio nasal, se está prescrito.
7. Limpe o aplicador.

PARA A ADMINISTRACIÓN DUN XEL OU DUNHA POMADA

1. Tras expoñerlle ao paciente cal debe ser a posición na que se debe colocar e vostede preparar a vía de acceso, aplique unha pequena cantidade en cada fosa nasal, procurando unha distribución uniforme, para o que se aconsella unha masaxe externa.

TRAS REMATAR A ADMINISTRACIÓN DO MEDICAMENTO

1. Retire o material.
2. Acomode o paciente.
3. Retire os guantes e tíreos.
4. Realice a hixiene de mans.
5. Valore a tolerancia e os posibles efectos adversos; se os houbese, comuníquellos ao médico.
6. Asine a administración da medicación no lugar correspondente e rexistre as incidencias, se as houbese. Se a medicación non fose administrada por algúna razón, rexístrelo.
7. No caso de se producir algún erro na administración da medicación, faga unha notificación no SiNASP.

Observacións¹⁸

- É importante favorecer o autocoidado do paciente e formar a familia, se fose necesario. Para logralo, debe aprendelos a:
 - Determinar a resposta ao medicamento.
 - Non compartir con ningúén o contagotas nin o nebulizador que utilice.
 - Asoarse suavemente antes da administración do medicamento.
 - Respirar pola boca mentres se administra a medicación.
- Explíquelle que é normal que despois da administración, pode notar o gusto do medicamento.

Rexistros

- Realizaranse no aplicativo informático GACELA, en IANUS, na folla de enfermería ou en calquera outro sistema de rexistro co que conte a unidade.

Avaliación e seguimento

O presente documento será actualizado no prazo de cinco anos ou cando a evidencia científica poida afectar ao recollido no procedemento.



INDICADORES

Indicador de proceso:

Coñecemento do procedemento de administración de medicación por vía nasal, establecendo estándares

Numerador: N.º de criterios cumplidos adverso

Denominador: N.º de criterios totais x 100.

Indicador de resultado:

Nº de casos nos que suceden eventos adversos trala administración de medicación intranasal

Numerador: Nº de casos nos que suceden eventos adversos trala administración de medicación intranasal

Denominador: N.º total de procedementos de administración de medicación por vía intranasal x 100.



RESPONSABILIDADES

As accións derivadas da posta en práctica deste procedemento son responsabilidade do persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde. A dispoñibilidade do procedemento e das ferramentas necesarias para a súa aplicación na práctica asistencial son responsabilidade da dirección do centro sanitario.



BIBLIOGRAFÍA

1. Preevid. Biblioteca Virtual. MurciaSalud. Uso de dispositivos de atomización para mucosa intranasal en urgencias. Publicado o 12 de xullo de 2018. [Consultado o 29 de abril de 2021]. Dispoñible en [www.murciasalud.es > preevid](http://www.murciasalud.es/preevid).
2. De Agapito Vicente C, Pozas del Río MT. Administración de medicamentos en pediatría. En: Valverde Molina E. Farmacia pediátrica hospitalaria. Madrid: Elsevier Doyma; 2011.p. 63-82.
3. Le J. Farmacología clínica. Farmacocinética. Biodisponibilidad de los fármacos. Manual MSD. Revisado en outubro de 2020. [Consultado o 27 de abril de 2021]. Dispoñible en www.msmanuals.com
4. Ferner RE, Aronson JK. Clarification of terminology in medication errors: definitions and classification. Drug Saf. 2006;29:1011-22.
5. Organización Panamericana de la Salud. Buenas Prácticas de Farmacovigilancia para las Américas. Washington D. C: Red PARF Documento Técnico No.5; 2011.
6. Infomed. Universidad Virtual de Salud. Biblioteca Virtual de Salud. Glosario de Términos Farmacológicos. [Consultado o 27 de abril de 2021]. Dispoñible en [glosario.sld.cu > terminos-farmacologicos](http://glosario.sld.cu/terminos-farmacologicos)


7. Real Decreto Lexislativo 1/2015, do 24 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios. Boletín Oficial do Estado, 25 de xullo de 2015, No.177, sec. I, pp. 62942 a 63030.
8. Dicionario galego de termos médicos. Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia. Santiago de Compostela, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística. 2002.
9. Organización Mundial de la Salud. Vigilancia de la seguridad de los medicamentos: sistema de notificación para el público en general. 2012. [Consultado o 28 de abril de 2021]. Disponible en www.who.int/quality_safety/safety_efficacy.
10. NANDA International Nursing Diagnoses. Definitions and Classification, 2021 - 2023. Usa MedOne, Thieme 12^a Edition avril 2021 Online.
11. Botella Dorta C. Fisterra. Guías clínicas. Técnica de administración de medicamentos por vía nasal: las gotas nasales. Data última revisión: 15 de setembro de 2011. [Consultado o 29 de abril de 2021]. Disponible en www.fisterra.com/tecnicas-atencion-primaria
12. MejorconSalud [web]. Salud. Medicamentos. Publicado o 28 de decembro de 2020. [Consultado o 29 de abril de 2021]. Disponible en <https://mejorconsalud.as.com/salud/medicamentos>
13. Ramos Rojas Nelton Abdon. Administración de medicamentos por vía nasal. Mejor con Salud. Actualizado o 28 de decembro de 2020. [Consultado o 29 de abril de 2021]. Disponible en mejorconsalud.as.com/administracion-de-medicamentos-por-via-nasal
14. Ansorena Iglesias S, González Cela E, Merino Verbo N et al. Administración de midazolam intranasal con atomizador en las urgencias pediátricas. Conocimiento enfermero. Colegio Oficial de Enfermería de Madrid. Revisado o 14 de abril de 2011. [Consultado o 2 de outubro de 2019]. Disponible en <https://www.codem.es/protocolos-de-enfermeria/administracion-de-midazolam-intranasal-con-atomizador-en-urgencias-pediatricas>
15. Flórez Almonacid CI, Romero Bravo A. Manual de protocolos y procedimientos generales de enfermería. Administración de medicación por vía nasal. Hospital Universitario Reina Sofía. Revisado o 18 de decembro de 2010. [Consultado o 2

- de outubro de 2019]. Disponible en: <https://www.google.com/search?client=firefox-b-d&q=administracion+medicacion+via+Iintranasal>
16. Enfermería en cuidados críticos pediátricos y neonatales. Administración de medicamentos. Hospital Torrecárdenas. Almería. Revisado o 16 de outubro de 2016. [Consultado o 15 de marzo de 2021]. Disponible en [ajibarra.org > post > administraciondemedicamentos](http://ajibarra.org/post/administraciondemedicamentos)
17. Le J. Fármacos o sustancias. Administración y cinética de los fármacos. Administración de los fármacos. Manual MSD. Revisado en outubro de 2020. [Consultado o 15 de marzo de 2021]. Disponible en [www.msdmanuals.com > es-es > hogar > administración...](http://www.msdmanuals.com/es-es/hogar/administracion...)
18. Hospital Universitario Reina Sofía. Manual de protocolos y procedimientos generales de enfermería. Administración de medicación por vía nasal. [Consultado o 2 de outubro de 2019]. Disponible en: <https://www.google.com/search?client=firefox-b-d&q=administracion+medicacion+via+Iintranasal>



ANEXO

ANEXO I: Instilación do medicamento



**Servizo Galego
de Saúde**

**Asistencia Sanitaria
Procedemento**

**114
D**



**SERVIZO
GALEGO
DE SAÚDE**

 Xacobeo 21·22